

IES A XUNQUEIRA 1

CURSO 2010-2011

**DEPARTAMENTO
DE MÚSICA**

MEMORIA ANUAL

PERSONAL E ORGANIZACIÓN

O departamento de Música estivo formado polos profesores numerarios María Luisa Sánchez González e Miguel Angel Rodríguez González.

María Luisa Sánchez impartiu aulas en 3º ESO, 4º ESO e 2º BACHARELATO.

Directora da Coral

Miguel Angel Rodríguez impartiu aulas en 2º ESO, 4º ESO e 1º BACHARELATO.

Director da Orquestra.

O departamento reuniuse unha vez a semana, os xoves as 12h. e traballamos conjuntamente nos ensaios de coro e orquestra.

Todos os recreos da semana estan adicados a ensaios de coro e orquestra por separado, e dirixidos por Luisa e Miguel.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

En liñas xerais, a programación e axeitada ao nivel de esixencia dos distintos niveis.

Os elementos que poden server para valorar a idoneidade da programación poden ser:

A consecución de obxetivos técnicos cada vez mais ambiciosos tanto na interpretación instrumental como vocal.

O número de aprobados e as altas calificacións conquistadas por moitos alumnos.

A participación cada vez mais numerosa de alumnos nas actividades colectivas de coro e orquestra en horario de recreo e pola tarde.

A participación do alumnado nas aulas de instrumento, en horario extraescolar, a través do plan PROA.

A través da elaboración de materiais didácticos, tipo power point, podemos condensar os contidos de Historia da Música, e polo tanto, podemos adicar máis tempo á práctica instrumental e vocal individual e de conxunto.

Positivo tamén resultou este curso a elaboración de de materiais curriculares de 2º de Bacharelato en formato power point.

Os blog elaborados polo departamento estan a servir para promocionar todas as nosas actividades: concertos, fotografías, audio, video, etc.

Na web do instituto os alumnos poden traballar todos os recursos referentes a interpretación vocal e ao repertorio: partituras, audios, videos, midis e play along, etc.

Ao longo do curso fixemos un seguimento de todos os alumnos con pendente de Música. Todos eles tiñan Música este mesmo curso, polo que a atención dendo o primeiro momento, a través do traballo desenvolvido no primeiro trimestre, permitiu que todos os alumnos coa materia pendente a superaran.

CORO E ORQUESTRA

As actividades de coro foron realizadas ao longo de todo o curso en horario de recreo e dúas horas todos os xoves pola tarde, dirixindo as sesións Luisa Sánchez. Cada vez é mais numerosa a participación de alumnos e tamén de profesores. Isto nos permitiu traballar un repertorio polifónico de un nivel de dificultad importante. Seguimos, por tanto, n aliña de sentalas bases para una formación coral de calidade no noso instituto. Resultados semellantes son os obtidos na actividade de orquestra, os alumnos foron constantes na asistencia aos ensaios realizados nos recreos. Este curso foron varios os alumnos que se incorporaron a orquestra, cun nivel técnico elemental. O repertorio de máis dificultade deixamolo para o vindeiro curso.

Programamos concertos de coro e orquestra en diferentes institutos de Pontevedra. Así foron os concertos de 20 de Maio no IES A Xunqueira, 26 de Maio no IES A Xunqueira 1, 31 de Maio no IES A Xunqueira 2

Participamos tamen no 3º Festival de Corais Xuvenis de Meis.

Realizamos unha nova gravación de coro para incluír no próximo traballo discográfico. Os alumnos e profesores participantes tivemos unha visión de primeira man do que significa unha sesión de gravación, o traballo do técnico de son, os materiais utilizados, etc.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A través do plan PROA os nosos alumnos reciben aulas de instrumento, o que lles permite incorporarse a práctica instrumental de conxunto, a través da participación en formacións pequenas de rock e blues.